

## TEMA 5. - COMENTARIO DA CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**a.- Identificación: título, autor, cronoloxía, cultura, estilo, movemento:** a Catedral de Santiago de Compostela ou Catedral de Santiago o Maior é un edificio relixioso do Románico pleno. A obra comezouse no ano 1075 sendo bispo de Compostela Diego Peláez e continuouse co arcebispo Diego Xelmírez quen dá á Catedral o impulso definitivo; a obra románica rematouse no ano 1128. Para estudar o Camiño de Santiago e a propia Catedral é fundamental "*O Códice Calixtino*", libro escrito por un peregrino francés do século XII: é un documento valiosísimo, unha auténtica guía do Camiño que recolle todas as etapas do mesmo, os hospitais, fondas, mosteiros, igrexas..., que se construíron en torno ao Camiño, sendo de especial relevancia a descrición que fai da Catedral de Santiago. No *Códice* indícase o nome dos arquitectos e escultores que traballaron na Catedral. Os arquitectos foron: o mestre Bernardo o Vello, o mestre Esteban (ou mestre de Praterías) e o mestre Bernardo o Novo. Posteriormente o mestre Mateo construíu o Pórtico da Gloria na fachada principal, obra que marca o paso ao Gótico. Materiais: granito e mármore (escaso).

**c.- Analiza e comenta a obra:** a orixe do Camiño de Santiago ou Ruta Xacobeá está relacionada co descubrimento da tumba do apóstolo Santiago en tempos de Afonso II, rei de Asturias: a difusión desta nova por toda a cristiandade vai ter unha enorme repercusión que fará de Santiago o máis importante dos santos lugares de Occidente. O Camiño de Santiago será transcendental non só desde o punto de vista relixioso senón tamén económico, cultural e artístico, pois facilitará a comunicación entre os territorios da Península Ibérica e o resto da Europa occidental. O Camiño parte de Francia a través de catro vías que se dirixen aos Pireneos: as tres primeiras, atravesados os Pireneos, conflúen en Roncesvalles, e a cuarta conflúe con elas en *Puente La Reina* (Navarra) dando orixe a unha soa vía que atravesará localidades do norte da Península como Burgos, Frómista (Palencia), León, Astorga e unha serie de vilas e aldeas galegas, levando directamente a Compostela, que é o punto final do Camiño.

No lugar onde se levantará a Catedral románica construíranse anteriormente dúas pequenas igrexas en estilo asturiano: a primeira durante o reinado de Afonso II e a segunda durante o reinado de Afonso III. A grande afluencia de peregrinos a Santiago levou á construción a finais do século XI dunha igrexa de enormes dimensións, dunha Catedral, no novo estilo artístico, o Románico.


A Catedral de Santiago é o paradigma (mellor exemplo) das igrexas de peregrinación románicas. Segue a tipoloxía de catro igrexas de peregrinación francesas do Camiño: Santa

Fe de Conques, San Saturnino de Toulouse e as desaparecidas San Martín de Tours e San Marcial de Limoges.

Foi construída en tres etapas: a primeira ten á súa fronte ao mestre Bernardo o Vello (que coincide co bispo Peláez) que construíu os tres absidiolos da cabeceira e o tramo correspondente do deambulatorio; na segunda etapa, que coincide con Xelmírez, destacan: o mestre Esteban (coñecido como o mestre de Praterías) que construíu o resto do deambulatorio cos absidiolos correspondentes e o transepto, pero non as bóvedas;

2ª: coincide co arcebispo Xelmírez


3ª: Mestre Mateo (anuncia Gótico)



o mestre Bernardo o Novo construíu as bóvedas do transepto e todo o resto da Catedral. A terceira etapa ten á súa fronte ao mestre Mateo que constrúe o nártex, onde realiza o Pórtico da Gloria.

Presenta unha **planta** de cruz latina (a máis destacada do Románico) que simboliza a cruz de Cristo. O brazo maior e o transepto (este último moi amplo) están divididos en tres naves, a central máis ancha e alta que as laterais. A nave central do brazo maior remata nunha ábsida semicircular precedida dun presbiterio moi profundo. Ao tratarse dunha igrexa de peregrinación ten deambulatorio, corredor que se forma pola prolongación das naves laterais por detrás da ábsida e que permite o tránsito dos fieis e a veneración das reliquias de Santiago sen interromper a celebración do oficio religioso no altar maior. En época románica no deambulatorio abríanse cinco absidiolos (capelas) destinados ao culto a Cristo e a santos/as (actualmente están moi modificados e engadíronse novos absidiolos en épocas posteriores). O

Capela de San Salvador (por ela iniciouse a construción)



nes, a central máis ancha e alta que as laterais. A nave central do brazo maior remata nunha ábsida semicircular precedida dun presbiterio moi profundo. Ao tratarse dunha igrexa de peregrinación

ten deambulatorio, corredor que se forma pola prolongación das naves laterais por detrás da ábsida e que permite o tránsito dos fieis e a veneración das reliquias de Santiago sen interromper a celebración do oficio religioso no altar maior. En época románica no deambulatorio abríanse cinco absidiolos (capelas) destinados ao culto a Cristo e a santos/as (actualmente están moi modificados e engadíronse novos absidiolos en épocas posteriores). O




En época románica no deambulatorio abríanse cinco absidiolos (capelas) destinados ao culto a Cristo e a santos/as (actualmente están moi modificados e engadíronse novos absidiolos en épocas posteriores). O

absidiolo central é a Capela de San Salvador (dedicada a Cristo): por ela iniciouse a construción no ano 1075; ten planta cadrada. Os outros dous absidiolos tiñan planta semicircular e os dous seguintes planta poligonal. Nos brazos do transepto tamén había catro absidiolos (dous en cada brazo) con planta semicircular (algúns desapareceron e outros están moi modificados).

**Material:** o desexo de perdurabilidade levou á utilización da pedra en toda a construción.

Os **muros** eran de perpiaños, moi grosos e con ventás pequenas.

Utilízanse **arcos** de medio punto bastante peraltados, por influxo asturiano. As **tres fachadas do exterior**, a principal e as do transepto, estaban forma-



das por arquivoltas: arcos de medio punto concéntricos que van diminuíndo o seu tamaño cara ao fondo; cada arquivolta apóiase sobre unha columna que está pegada a un piar; a última arquivolta (a máis pequena e afundida) deixa no centro un espazo semicircular chamado tímpano (onde se concentra a máis importante

decoración escultórica). Cando o tímpano é moi grande colócaselle debaixo, na parte central, un soporte vertical chamado parteluz ou mainel que divide a portada en dúas portas. A única fachada románica que se conserva é a **Portada de Praterías**.

O **interior** era escuro, con ventás pequenas: a finalidade era provocar o sobrecollemento do fiel.



Nave central do brazo maior: bóveda de canón con arcos de faixa

Toda a Catedral tiña **cobertas curvas** en pedra: as naves centrais, bóvedas de canón con arcos de faixa; as laterais e o deambulatorio, bóvedas de arestas con arcos de faixa; o cruceiro, unha cúpula octogonal sobre trompas, xa gótica; as ábsidas están cubertas con cúpulas de cuarto de esfera.

Presenta unha **nave central moi alta** con respecto ás laterais: esta verticalidade procede da arquitectura asturiana.




Nave lateral: bóveda de arestas con arcos de faixa

**Soportes:** muros moi grosos con ventás pequenas que levan a un predominio do macizo sobre o van (oco), dando á construción un aspecto pesado e sólido que simboliza a solidez da propia relixión cristiá. As columnas exentas son escasas. A principal novidade no Románico é a xeneralización do piar composto que



Piars compostos

ten semicolumnas adosadas nas súas catro frontes. Só aparece nas igrexas con tres naves como a Catedral de Santiago, na que




os piars levántanse sobre pequenos zócalos, alternando os circulares e os cadrados (búscase o ritmo e a harmonía). Os capiteis das columnas son vexetais

pouco naturalistas e historiados, é dicir, con figuras humanas ou animais que, para adaptarse á forma do capitel, se deforman (alónganse, encóllense, retórcense...), adquirindo un aspecto moi expresivo pero non naturalista. Son destacables as figuras monstruosas de aspecto terrorífico.



Tribuna

Como se trata dunha igrexa de peregrinación ten **tribuna** que percorre toda a Catedral e está cuberta con bóveda de medio canón; comunícase coa nave central a través de arcos de medio punto xeminados dobres que se apoian sobre pequenas columnas exentas con capiteis vexetais. Por debaixo da tribuna e nos muros das naves laterais aparece o **taqueado xaqués**, elemento decorativo característico das igrexas españolas do Camiño; a súa orixe está na Catedral de Xaca (Huesca); consiste en pequenos tacos, dados ou cubos que percorren os muros horizontalmente



Taqueado xaqués

ou se sitúan debaixo dos aleiros dos tellados.

**Contrarresto dos pesos:** os arcos de faixa sosteñen a bóveda e levan o seu peso ás semicolumnas adosadas aos piars que o conducen ao chan; os arcos formeiros levan o peso ás semicolumnas adosadas aos piars, que o conducen ao chan. As bóvedas das naves laterais recollen o peso da bóveda central e o levan aos muros, que o conducen ao chan. No exterior os contrafortes cumpren a mesma función. Nas igrexas de peregrinación, como a Catedral de Santiago, a presenza da tribuna non se debía á necesidade de acoller aos numerosos peregrinos, senón a razóns de tipo construtivo: as súas bóvedas de medio canón ac-

túan como arcos que trasladan o peso da bóveda central cara ao exterior, anticipando así a función dos arcobotantes do Gótico.

O interior da Catedral sufriu moitas remodelacións en séculos posteriores, especialmente no Barroco. Destaca a Capela da Corticela, igrexa prerrománica asturiana con planta basilical e tres ábsidas cadradas que só a central sobresa un pouco; esta Capela estivo separada da Catedral ata que no século XVII quedou unida a través dunhas escaleiras (eliminando o absidiolo que existía).

A Catedral de Santiago é unha obra de grande madurez artística que influíu moitísimo non só no resto do Románico hispánico do noroeste senón tamén noutras igrexas de peregrinación europeas.

